

## Resumo do Traballo de Fin de Grao

(Describe brevemente o traballo a desenvolver, xustificando o interese do mesmo, e indicando obxectivos, descrición técnica, proceso de desenvolvemento, e medios empregados. Engada tantas liñas como sexa necesario)

A finalidade do traballo é a de crear unha aplicación web para a xestión de torneos deportivos, tratando de proporcionar os seguintes beneficios ós usuarios:

- Simplicidade na creación de torneos.
- Facilidade de comunicación dos participantes do torneo.
- Capacidade para que calquera usuario poida xestionar o seu propio torneo.

### Obxectivos:

O sistema a desenvolver permitirá ós usuarios diferentes funcionalidades dependendo do rol que queiran ter á hora de utilizar o sistema. Existirán tres tipos de usuarios coas súas funcionalidades asociadas:

- Administrador de torneo: encargarse da creación dos torneos e xestión dos mesmos (requisitos para inscribirse no torneo, iniciar emparexamentos, actualizar resultados dos encontros, etc.).
- Capitán de equipo: encargarse da creación e invitación ó equipo de xogadores, ademais de comunicarse cos outros capitáns e máis o administrador do torneo, inscribirse a un torneo...
- Xogador: pode inscribirse nun equipo e consultar datos sobre o torneo, o seu equipo, os rivais, etc.

### Método de desenvolvemento e medios empregados:

O proceso de desenvolvemento empregado no traballo será o Proceso Unificado (PU), que se caracteriza por estar dirixido por casos de uso, ser iterativo e incremental e estar centrado na arquitectura.

Para desenvolver o traballo utilizarase a arquitectura MVC (modelo-vista-controlador), MySQL para a xestión de bases de datos racional, PHP como linguaxe de programación, HTML + CSS para o deseño web, ademais de outras tecnoloxías que poidan ser necesarias (JavaScript, Pixlr, Photoshop, Dia, etc.).